

Criterios de Calidade do Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental

(Aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento do 08-04-2021)

Co ánimo de mellorar tanto a formación na investigación das/os doutorandas/os así como a calidade das teses de doutoramento compre definir uns criterios de calidade mínimos das teses relativos a produtividade científica das mesmas e as actividades formativas transversais dos/as doutorandos/as.

1.-Producción Científica derivada das Teses

1.1.- Tese monográfica (o monográfica con reprodución parcial dunha o máis publicacións derivadas da investigación)

- ter dúas (2) publicacións coa aceptación definitiva (ou aceptada, con Digital Object Identifier (DOI)) en revistas de impacto incluídas no *Journal Citation Reports*, JCR. Polo menos unha das publicacións deberá estar no primeiro ou segundo cuartil da súa categoría.
- ter unha patente/marca de garantía/invencción industrial/deseño industrial aprobada pola OEPM (Oficina Española de Patentes y Marcas).

En todo caso, a contribución do/a doutorando/a na aportación debe ser substancial e deberá reflexar claramente a adscrición do doutorando/a á USC. O seu contido deberá axustarse ó proxecto de teses recollido no plan de investigación do/a doutorando/a. A data de aceptación da/s aportación/s deberá estar comprendida dentro do período no que ó alumno estea matriculado nos estudos de doutoramento.

1.2.- Tese por compendio de publicacións de investigación

Rexerán os criterios específicos para este tipo de teses indicados no regulamento de estudos de doutoramento da USC.

2.- Actividades formativas

- Levar a cabo un mínimo de 25 h (1 ECTS) de cursos da oferta de Cursos de formación específicos da área de Ciencias e Enxeñaría.
- Haber realizado un mínimo de 50 h (2 ECTS) do conxunto da oferta de cursos de formación transversal.
- Haber desenvolvido actividades formativas das recoñecidas polo programa, distintas das obrigatorias para a modalidade de tese presentada e aos criterios mínimos fixados pola CAPD no cuanto á difusión de resultados (dúas publicacións e/o unha patente), que sumen conxuntamente 100 h (4 ECTS)

Información máis detallada relativa aos distintos cursos (específicos e transversais) encontrárase na nova memoria de verificación do programa e na páxina web do programa.

3.- Presentación e defensa da investigación desenvolvida

Ter o informe favorable da actividade formativa obrigatoria de seguimento, *Presentación e defensa da investigación desenvolvida*, 25 horas (1 ECTS).

Información máis detallada relativa a esta actividade formativa encontrarase na nova memoria de verificación do programa e na páxina web do programa.

4.- Avaliación Anual

Dispor dunha avaliación positiva na última Avaliación Anual.

Disposición Adicional

Estes requisitos non teñen ningún efecto nos criterios ou condicións que cada Director/a de Tese de Doutoramento aplique para realizar o seu informe preceptivo de aprobación da Tese.

Excepcionalmente, no caso de que o/a estudante non cumpra cos requisitos establecidos nos Criterios de Calidade propios do programa de doutoramento, previamente á solicitude de defensa da tese de doutoramento, deberá entregar documentación xustificativa do motivo. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento levará a cabo unha avaliación individualizada das actividades do doutorando/a e poderá autorizar a defensa da tese si existen motivos academicamente xustificadas, a CAPD fará constar xustificadamente a súa conformidade.

Disposición transitoria primeira

A presente disposición transitoria terá aplicación para aqueles/as estudantes que formalizaran a súa primeira matrícula en cursos anteriores ao 2019-20.

Para a defensa da tese de doutoramento, estes estudantes deberán cumprir os requisitos incluídos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (D.O.G. do 08/09/2020). En relación aos Criterios de Calidade específicos do Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, deberán cumprir os aprobados na reunión do Consello de Departamento do 23/07/2012 e modificadas na reunión do 09/07/2015 e pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento do 14/03/2018 e do 28/06/2019.

Disposición transitoria segunda

A disposición transitoria segunda terá aplicación para aqueles/as estudantes que formalizaran a súa primeira matrícula no curso 2019-20 e posteriores ata a aprobación da modificación da memoria do programa de doutoramento.

Para a defensa da tese de doutoramento, estes estudantes deberán cumprir os requisitos incluídos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (D.O.G. do 08/09/2020).

Adicionalmente, e en relación aos Criterios de Calidade do Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, débense cumprir os criterios aprobados pola Comisión Académica do Programa de doutoramento na reunión do 08/04/2021.

Disposición Final única

Os presentes criterios de calidade entrarán en vigor ó día seguinte a súa aprobación pola CAPD do programa de doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental